

## ADDENDA NORMAS PROTOCOLO COVID-19

### NORMATIVA DE REFERENCIA

- Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no acordo do consello da xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo covid-19, unha vez superada a fase iii do plan para a transición cara a unha nova normalidade, e se dispón a publicación da orde comunicada do ministro de sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao covid-19 para centros educativos durante o curso 2020/21.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 04-11-2020). As seguintes resolucións serán de aplicación no Protocolo de Adaptación que debe ser actualizado segundo as instrucións ditadas pola Consellería de Sanidade e Educación.
- Resolución concxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021
- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.
- Resolución concxunta, do 4 de novembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba a actualización do "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020- 2021" e pola que se aproba o Protocolo de actividades extraescolares en centros educativos non universitarios.
- Resolución concxunta, do 4 de novembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproban as "Recomendacións sobre a ventilación en centros educativos no contexto da Covid-19" para centros educativos non universitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

### GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Cada grupo de clase será considerado GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA. O alumnado de cada grupo só pode relacionarse entre si.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si, obriga a organizar entradas, saídas, recreos e quendas de comedor.

MODIFICACIÓN	
Uso de máscara	<p>É <b>obligatorio</b> usar máscara para todo o <b>personal de EI e EP así como para o alumnado de EP</b>, tanto dentro como fóra da aula.</p> <p>Para o alumnado de EI é <b>obligatorio</b> o uso de máscara nas entradas e saídas, nos recreos, nos desprazamentos aos baños e na estancia da biblioteca.</p> <p>En EI, crearanse hábitos para o uso continuo de máscara para garantir a protección en caso de infección.</p>
horarios de entrada	<p>Abriranse as portas de entrada ás 09:00.</p> <p>O alumnado de EI entrará pola porta dianteira dereita despois de ter entrado todo o alumnado de 1º e 2º de EP. Serán recibidos polo profesorado especialista designado pola xefatura de estudos que vixiará todo o percorrido ata as súas titorías, onde serán recibidos polas titoras correspondentes.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ O alumnado de 1º e 2º de EP entrará pola porta dianteira dereita, seguindo a orde 2º e despois 1º. Será recibido na porta polo profesorado especialista designado pola xefatura de estudos que se situará de maneira que controle todo o percorrido ata a súa aula donde estará esperando o profesorado tutor, ou de ser o caso polos especialistas que impartan a primeira sesión.</li><li>➤ Os cursos de , 3ºA, 3º B, 4º A e 4º B, subirán ás clases pola porta traseira de acceso do patio, seguindo esta orde establecida, Serán recibidos polo profesorado especialista designado pola xefatura de estudos que se encargará de controlar todo o percorrido do alumnado ata as súas</li></ul>

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

---

	<p>titorías, onde serán recibidos polos titores correspondentes ou de ser o caso polos especialistas que impartan a primeira sesión.</p> <p>➤ O alumnado de EP 5º A, 5ºB, 6º A e 6ºB, subirán ás clases pola porta dianteira esquerda, seguindo esta orde establecida, Serán recibidos polo profesorado especialista designado pola xefatura de estudos que se encargará de controlar todo o percorrido do alumnado ata as súas titorías, onde serán recibidos polos titores correspondentes ou de ser o caso polos especialistas que impartan a primeira sesión.</p>
--	---

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Cada grupo entrará no centro seguindo a orde de titorías establecido, facendo uso das alfombrillas de desinfección de calzado e cun intervalo de tempo suficiente para que non haxa aglomeracións nas escaleiras.</li><li>➤ Se un alumno/a chega despois de que subira a súa clase, esperará a que entren primeiro o resto de alumnado que fai uso de esa entrada.</li><li>➤ Aquel alumnado que chegue ao centro unha vez pechadas as portas ás 09:05 horas, entrará pola porta principal esquerda e terá que esperar no exterior do centro ata que o profesorado de garda o acompañe ata a súa aula.</li></ul>
Acompañamento do alumnado	Non se permitirá o acceso de acompañantes de alumnos dentro do recinto escolar agás para resolver asuntos na secretaría do centro en horario establecido ou para titorías (de modo excepcional) e en emplazamentos onde se asegure a distancia co alumnado.

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

<p>Horario de saída</p>	<p>Abriaranse as portas ás 14:00 horas</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As familias de EI poderán recoller ao alumnado dende as 13:50 polas mesmas portas polas que entrou o alumnado onde serán entregados polas profesoras titoras. Non está permitida a entrada dos pais / nais no recinto escolar.</li><li>- As familias de EP, recollerán ao alumnado nas portas que empregaron para acceder ao centro</li><li>- Horario de saída:<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Educación Infantil: 14:00 horas. O profesorado acompañaralos ata a súa zona de espera e entregaraos individualmente.</li><li>✓ Alumnado de EP: 14:00 horas</li></ul></li></ul> <p>O alumnado usuario do comedor,</p> <p>EI: serán recollidos polo personal de comedor nas titorías correspondentes e sen ser mesturados.</p> <p>EP: colocárase na súa ringleira correspondente á espera de que os recollan as monitoras de comedor. Mentres tanto estarán cun mestre de garda.</p>
-------------------------	--

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

<p>Recollida do alumnado antes do remate das clases</p>	<p>Se algún alumno/a ten que saír dentro do horario lectivo, establecerá o protocolo de hixiene de volta ao centro igual al de entrada a primeira hora. Á incorporación á aula a fará acompañado por un profesor/a de garda.</p>
<p>Horario de recreo</p>	<p><b>Infantil:</b> 11:30 h, no patio de infantil. Nos espazos con sinalización vertical correspondentes a cada titoría.</p> <p><b>Primaria:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1º, 2º e 3º de EP: 11:30 h, no patio de primaria</li> <li>- 4º, 5º e 6º de EP: 12:00 h, no patio de primaria.</li> </ul> <p>Nos espazos con sinalización vertical correspondentes a cada titoría.</p>
<p>Espazo de recreo</p>	<p><b>Educación Infantil:</b> o patio dividido en dúas zonas, asignadas para cada nivel educativo desta etapa.</p> <p><b>Educación Primaria:</b> seis zonas a asignar para cada curso.</p>
<p>Titorías</p>	<p>Preferentemente telemáticas e/ou telefónicas. Deixarase constancia da reunión por parte do titor/a.</p> <p>Cando sexa necesario unha titoría presencial, so en casos excepcionais, e sempre con cita previa. Se fose necesario o visiónado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta. Nesta modalidade cumpriranse as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.</p>
<p>Departamento Orientación</p>	<p>Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma.</p> <p>Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.</p>
<p>Biblioteca</p>	<p>De solicitalo, cada clase utilizará a biblioteca un día asignado, desinfectándose e ventilándose cando saia cada grupo. Se establecerá prioritariamente o emprego de mochilas viaxeiras cunha periodicidade que se establecerá en función do uso, para cada aula, e de ser o caso o titor/a sera o/a encargado/a de facer o empréstito de libros para casa.</p>

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

	A biblioteca permanecerá pechada polas tardes.
Aula de informática	Cada clase empregará esta aula o día que teña reservado, desinfectándose e ventilándose cando saia cada grupo.
Uso de aseos	Cada aula empregará o baño asignado agardando a quenda para entrar. Se establecerán mecanismos visuais para que non coincidan en ningún aseo dos nenos/as ao mesmo tempo no seu interior.
Circulación polo centro	O chan dos corredores están sinalizados indicando a dirección da circulación. Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.

	O alumnado circulará polo centro, sen acompañamento dun profesor, so para ir ao baño.
Comedor	<p><b>Avisos comedor:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ A través dos teléfonos do centro que se facilitará as familias.</li> </ul> <p><b>Tres quendas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 13:30 - 14:00 Educación Infantil</li> <li>✓ 14:00 - 14:40 1º, 2º e 3º EP</li> <li>✓ 15:00 - 15:30 4º, 5º e 6º EP</li> </ul> <p>As quendas poden sufrir variacións unha vez comezado o curso escolar e ir comprobando o número reais de usuarios.</p> <p>O alumnado accederá ao comedor acompañado por unha monitora que se encargará de que o alumnado faga unha correcta hixiene de mans antes de acceder a él.</p> <p>A recollida de alumnado por parte das familias será a partir das 15:15 h. ata as 15:30h.</p> <p>Este horario pode sufrir variacións ao longo do curso dependendo do nº de usuarios.</p>
Equipo directivo	Só se atenderá <b>presencialmente</b> con cita previa (pódese solicitar a través do teléfono ou do correo electrónico do centro).

### ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIGIENE E PROTECCIÓN

O equipo Covid actuará como referencia para o resto de persoal, profesorado, alumnado e familias.

Aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas nos espazos de illamento COVID , mentres se xestiona o seu traslado.

O alumnado estará acompañado por un membro do equipo COVID ou por un dos docentes que imparta docencia nese grupo.

Abrirase a ventá mentres a persoa estea nese espazo. Unha vez marche procederase á desinfección do mesmo.

#### Medidas xerais de prevención:

- Evitar aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas.
- Será fundamental a puntualidade, en canto o alumno/a entre ou saia os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.
- As familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel, excepto nos casos que se lle dera cita previa.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada clase dispoña dunha zona de recreo.
- Establecer quendas para o comedor.
- Regular o acceso aos aseos.
- Regular a circulación polo centro.
- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado.
- Uso de máscara obrigatorio.
- O profesorado e persoal non docente debe comprometerse a facer o autotest antes de acudir ao dentro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de facer o autotest (ANEXO I) diariamente e de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID.



## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

---

- Rutinas diarias nas aulas, incidindo en:
  - Evitar tocarse ollos, nariz e boca
  - Hixiene de mans (seguinto as instrucións que hai nos baños)
  - Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible, tusir contra a flexura do cóbado.
  - Evitar situacións de contacto físico.
  - Non compartir o material propio.

### Medidas xerais de hixiene

#### Persoal de limpeza

- O servizo de limpeza fará una quenda de mañá co seguinte horario: 09:30 a 13:30
- 1 vez ao día limparanse todas as dependencias do centro
- 2 veces ao día os baños

#### Pola mañá:

- Ventilación das aulas, alomenos 15 minutos antes da chegada do alumnado.
- Limpeza de baños 2 veces, facendo especial fincapé nos pomos das portas, billas, cisternas, water e lavabo
- Limpeza xeral dos baños cando o alumnado estea no recreo (10:40 h e 11:30 h)
- Limpeza da biblioteca e sala de informática despois de cada uso.
- Limpeza e ventilación do espazo de illamento cada vez que sexa empregado.

#### Pola tarde:

- Limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común
- Limpeza e desinfección dos despachos
- Limpeza e desinfección da sala de mestres
- Limpeza e desinfección do ximnasio

#### Comunidade educativa

- Aprender a tusir ou esbirrar contra o cóbado.

## ADDENDA NOF 2020/21 ceip Recimil

---

- Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Facer limpeza e desinfección das mans con frecuencia.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Limpeza de elementos propios de traballo (cada mestre ou cada alumno/a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos...) de xeito periódico.
- Deixar as mesas e os armarios ordenados e non deixar cousas polo chan. De xeito, que o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo ás labores propias.
- Elementos de limpeza á disposición da comunidade docente:
  - o Xel e papel desbotable en todas as aulas e espazos comúns.
  - o Xabón e papel en todos os baños.
  - o Papeleiras de pedal en todas as aulas.
  - o Panos desbotables en todas as aulas.
  - o Solución desinfectante en todas as aulas e espazos comúns.

### Medidas xerais de Protección

- Uso de máscara: obrigatorio para todo o profesorado, persoal non docente, alumnado de primaria dentro das aulas e obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Pantallas: para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Mamparas: instaladas unha en secretaría para realizar trámites coas familias e nas aulas de PT e AL.

Tamén haberá pantallas nos espazos de illamento que se empregarán para titorías en caso de ter que facelas presenciais, así como no despacho de Orientación. Haberá tamén a disposición do profesorado pantallas na sala de profesores, onde o aforo máximo queda establecido en 5 persoas.

## PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

- PLAN DE ADAPTACIÓN: recolle o desenvolvemento do curso 2020/2021
- PROGRAMA DE ACOLLIDA: recolle os cambios temporais das NOF
- PLAN DE CONTINXENCIA: recolle as medidas no caso de suspensión da actividade lectiva Poden consultarse, na páxina web do centro, no seguinte enderezo: [http://www.edu.xunta.gal/centros/ceip\\_recimil](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceip_recimil)

## HORARIOS ESPELLO

A dirección elaborou un horario, para cada aula de primaria, igual que os que se están a desenvolver en réxime de presencialidade para o alumnado de terceiro de primaria en diante, respectando en cada sesión 30 minutos de docencia virtual e 20 minutos para a realización das tarefas.

Estes horarios comezarán a funcionar no momento que se peche unha aula ou se produza o peche do centro por motivos sanitarios.

Os horarios dos distintos grupos, están a disposición das familias na páxina web, no apartado horarios. O enlace é o seguinte:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprecimil>

O presente documentos foi revisado o de novembro, en cumprimento da nova normativa vixente.

Presentado ao Claustro:

Aprobado polo Consello Escolar:

Visto e Prace

A directora